

ANEXO VII-B

PROTOCOLO

DE ACTUACIÓN

DO ACOSO ESCOLAR

(PLAN DE CONVIVENCIA)

CEIP SERRA VINCIOS

ÍNDICE

1. Xustificación.
2. Pautas para a identificación do acoso escolar.
3. Protocolo de actuación.
4. Medidas a adoptar.
5. Estratexias de prevención.
6. Ciberacoso.
7. Cláusula de confidencialidade e protección de datos.
8. ANEXOS.

1. Xustificación

Nos últimos anos o fenómeno denominado acoso escolar, maltrato entre iguais ou *bullying* adquire interese social debido ó aumento e gravidade dos feitos e ó contorno onde se produce, o educativo.

Na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, abórdase por primeira vez no plano legislativo o tratamento de situacións de acoso, considerando este como *calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza*, e engadindo que *terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar*.

Na devandita Lei, establécese que o plan de convivencia de cada centro incluírá un protocolo para a prevención, detección, e tratamento do acoso escolar. Así, o presente protocolo ten por obxecto que o profesorado do noso centro saiba cómo actuar nos posibles casos de acoso.

2. Pautas para a identificación do acoso escolar: criterios, tipos, indicadores e consecuencias

a) Criterios: deben cumprirse os seguintes simultaneamente.

- Existencia de intención de facer dano.
- Repetición de condutas agresivas.
- Duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora.

b) Tipos de acoso escolar:

- Exclusión e marxinación social: minan a autoestima da persoa e fomentan a súa sensación de temor, rexeitamento, marxinación, humillación, ridiculización das súas

opinións, burlas, acoso ou xestos de asco, desprezo ou agresividade, pretende illar á persoa do resto do grupo. Exclusión, non dirixirlle a palabra, difusión de rumores e calumnias, comentarios relativos sobre o grupo ó que pertence (sexo, raza, relixión...), outros.

- Agresión verbal: palabras insultantes, humillacións, alcumes, ameazas, provocacións, desprestixio ou difusión de falsos rumores, menosprezos e ridiculización en público, resaltar defectos físicos, outros.
- Agresión física: incomodar (descolocar cousas, tirar da roupa), intimidacións (ameazas de violencia física, amago de pegar), agresións leves ou graves directas (asustar, golpes illados, empurróns, patadas, puñados, beliscos, golpes, tundas, pegar...), extorsións, furtos, roubos, danar as pertenzas, agochar cousas e ata uso de calquera obxecto para arremeter contra a persoa, outros.
- Maltrato: pode facer referencia a tres tipos: *maltrato mixto*, cando se refire a ameazas para meter medo, ameazas cor armas, ou chantaxe (obrigar a facer algo con ameazas); *acoso sexual físico*, mediante actos de carácter sexual, ou *acoso sexual verbal*, a través de comentarios de índole sexual.
- Manifestacións a través das TIC: mensaxes de móbil ou correos electrónicos ofensivos, intimidatorios ou non desexados; utilización da súa imaxe sen permiso, gravacións de sucesos co móbil sen permiso, outros.

c) Indicadores do acoso escolar:

	INDICADORES ANTE UN POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR PARA A DETECCIÓN POR PARTE DA FAMILIA E/OU CENTRO EDUCATIVO
Relacións sociais	Cambios nos tempos de chegada e saída e/ou itinerarios de ida e volta do centro educativo
	Cambios nas súas relacións persoais (compañeiros non habituais) dentro e/ou fóra do centro educativo
	Busca acompañarse de persoas adultas e/ou da soidade dentro ou fóra do centro
	Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente
	Descoida o seu aspecto físico
	Comentarios negativos sobre a súa clase ou o seu centro educativo
	Prefire quedar na casa a saír

Estados de ánimo	Estados de ansiedade
	Preocupación
	Pechamento sobre si mesmo
	Desconfianza
	Desinterese
	Tendencia á tristeza e a chorar facilmente
	Nerviosismo repentino
	Dificultades de comunicación nas tarefas e/ou relacións de grupo
	Cambio nas rutinas de sono e/ou alimentación
	Cambios de humor
	Molestias físicas (vómitos, dores...)
	Inseguridade, desconfianza en si mesmo
	Negativa a falar sobre a situación
	Actuacións agresivas
Outras actitudes: comportamento e/ou tarefas escolares	Actitude negativa ante as tarefas escolares
	Dificultade de concentración nas tarefas escolares
	Diminución da calidade dos seus traballos
	Desaparécenlle pertenzas escolares ou persoais
	Fai actividades ou tarefas que non lle corresponden
	Actitude pasiva xeral (tenta pasar desapercibido/a)
	Actitude pasiva ante situacións violentas nas que non está implicado/a
	Prefire traballar só/a
	Baixa no seu rendemento escolar
	Diminución de autoestima
	Puxéronlle alcumes que non lle gustan
	En actividades de grupo non é elixido
	Non se presta para participar en actividades voluntarias
	Desinterese en actividades a realizar fóra do horario habitual
	Pide máis cartos do habitual
	Deixa de recibir visitar, chamadas... de amigos/as
	Nerviosismo nos momentos de saír de casa
	Nerviosismo ante o teléfono, uso de internet, móbil...
	Rompe pertenzas, traballos... sen razón
	Desinterese en actividades que antes lle interesaban (deporte, cine, música...)
Non quere falar das súas relacións	

d) Consecuencias do acoso escolar:

- Para a vítima: perda de confianza, autoestima, fobia ó centro, ansiedade e depresión e incluso problemas físicos como consecuencia da somatización. Fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, infelicidade, problemas de personalidade, risco para o seu desenvolvemento equilibrado.
- Para a persoa ou persoas agresoras: pode ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, que pode

perpetuarse na vida adulta, e incluso unha supervaloración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado.

- Para os compañeiros/as observadores/as: pode conducir a unha actitude pasiva e compracente ante unha inxustiza e unha modelación equivocada da valía persoal.

3. Protocolo de actuación

1ª FASE: COÑECEMENTO DA SITUACIÓN. IDENTIFICACIÓN E COMUNICACIÓN		
	Responsable	Rexistro
<p>a) Comunicación ó Equipo Directivo (directamente ou a través do titor/a ou profesorado). Esta primeira comunicación poderá facerse de diferente forma, dependendo da persoa que sexa coñecedora:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Alumnado: comunicación verbal ou escrita a un adulto - Familia: atención de titorías a familias; comunicación verbal ao profesorado ou director/a - Profesorado: comunicación verbal ao director/a - Persoal de administración e servizos: comunicación verbal ao director/a - Persoas alleas ao centro: comunicación verbal ao director/a 	Director/a	Anexo 1
<p>b) Establecemento de medidas urxentes á presunta vítima entre as que poderán adoptarse:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vixilancia específica das persoas implicadas. - Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso. - Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causantes da posible situación de acoso. - Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado. 	Director/a	
<p>c) Asignación dunha persoa do propio centro responsable de atención e apoio á presunta vítima, convocándoa para recibir a información pertinente nunha reunión da que se redactará acta.</p>	Director/a	Anexo 2
<p>d) Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado, empregando a vía de comunicación máis rápida posible e paralelamente por escrito.</p>	Director/a	Anexos 3 e 4
<p>e) Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación que será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se dará acta. Será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a</p>	Director/a	Anexo 5

información necesaria e comunicarlle ó Director/a nunha reunión da que se dará acta e, de ser o caso, da tramitación do correspondente expediente disciplinario.		
f) Comunicación a outros profesionais educativos e/ou axentes externos, se se considera oportuno.	Director/a	Anexo 6

2ª FASE: RECOLLIDA DE INFORMACIÓN		
	Responsable	Rexistro
a) Recollida de información inicial	Persoa responsable da tramitación nomeada polo Director/a	Anexo 7
a) Entrevista individual á vítima		Anexo 8
b) Entrevista individual ó alumnado acosador		Anexo 9
c) Entrevista individual ás persoas espectadoras.		Anexo 10
d) Entrevista individual ás familias da persoa acosada e acosadora		Anexos 11 e 12
e) Solicitud de asesoramento ó D.O e/ou outros profesionais educativos ou axentes externos de ser necesario.		Anexo 13 e 14
f) Rexistro de todos os datos relevantes nun documento para proceder á súa análise		

3ª FASE: ANÁLISE DA INFORMACIÓN		
	Responsable	Rexistro
a) Análise da información e comunicación ó Director/a.	Persoa responsable da tramitación	Anexo 15
b) Incoación do procedemento disciplinario, de confirmarse acoso escolar, e nomeamento da persoa que o tramitará.	Director/a	Anexo 17
c) Instrución dun expediente disciplinario, que se comunicará ó alumnado implicado e ás súas familias, á Inspección Educativa e ó profesorado titor do alumnado implicado. Para a súa tramitación, o director/a facilitará á persoa que o tramite, a normativa de referencia, esquema dos pasos e prazos a seguir, modelos de procedemento e proposta de resolución, sexa mediante un procedemento común ou conciliado. Finalizada a instrución, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia ó alumno/a e á nai ou pai convocándoos a unha comparecencia da que se estenderá acta.	Persoa responsable da tramitación	Anexo 18
d) Elaboración dunha proposta de medidas (de acordo co NOF e coa Lei 4/2011 do 30 de xuño) indicando as medidas, os axentes implicados, os recursos utilizados, a	Persoa responsable da	Anexo 16

temporalización e o seu seguimento e avaliación	tramitación	
e) Ditame das medidas definitivas tomando en consideración a proposta anterior, solicitando a colaboración do D.O. e da Comisión de Convivencia de ser necesario.	Director/a	
f) Comunicación á Inspección Educativa cando: - Se confirma a situación de acoso e se procede á tramitación do expediente disciplinario. - Haxa coñecemento da existencia de denuncia policial ou xudicial. - O solicite, de oficio, a propia Inspección Educativa.	Director/a	Anexo 19

4ª FASE: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS		
	Responsable	Rexistro
a) Seguimento da situación, comprobando o cumprimento e pertinencia das medidas adoptadas. O rexistro do seguimento pode facelo o responsable da tramitación.	Director/a ou persoa na que delegue	Anexo 20
b) Información á Inspección Educativa do grao de cumprimento.	Director/a	
c) Denuncia a Servizos Sociais	Director/a	Anexo 21
d) Denuncia á Fiscalía de Menores	Director/a	Anexo 22

4. Medidas a adoptar

As medidas que se impoñan terán un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ó cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa. Establecemos as seguintes medidas:

4.1. Medidas de protección á vítima:

- Vixilancia específica das persoas implicadas (acosada e acosadora/s).
- Asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que pode acudir cando o necesite.
- Actividades individuais e/ou grupais para a mellora de habilidades sociais, autoconcepto e autoestima, técnicas de relaxación e control do estrés...

- Organización de grupos de axuda entre iguais para acompañar á vítima nos lugares de maior risco.
- Cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas acosadoras (previo expediente disciplinario).
- Derivación a servizos de profesionais especializados externos.

4.2. Medidas reeducadoras e correctoras para a persoa ou persoas agresoras:

a) Medidas reeducadoras (como complemento das correctoras):

- Desenvolvemento do programa de habilidades sociais.
- Desenvolvemento de programas conciliados para a resolución de conflitos.
- Formación de equipos mediadores.
- Programas de modificación de conduta, comportamentos prosociais...
- Derivación a servizos especializados externos.

b) Medidas correctoras (previo expediente disciplinario):

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Cambio de centro.

4.3. Outras medidas:

a) Co grupo-clase e co alumnado espectador:

- Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros/as, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía...
- Actividades que posibiliten o rexeitamento e denuncia de condutas violentas na convivencia.
- Actividades de adestramento para actuar ante situacións de maltrato.

b) Coas familias:

- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, contribuíndo ó crecemento persoal dos seus fillos/as a través do diálogo e a comunicación en valores e desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
- Fortalecer a implicación da familia na vida escolar.

c) Co equipo docente:

- Formación en materia de acoso escolar.
- Apoiar e facilitar o labor do profesorado titor.
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar ás persoas responsables da tramitación do protocolo e do apoio e atención á vítima.
- Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (axudantes e mediadores).

5. Estratexias de prevención

5.1. Estratexias organizativas e de prevención no centro

- Potenciar o funcionamento da Comisión de convivencia do centro.
- Promover a participación na elaboración dos documentos do Plan de Convivencia e a súa difusión á comunidade educativa.

- Solicitar o apoio e o asesoramento do Departamento de Orientación ante situacións que poidan derivar en acoso escolar.
- Reunións periódicas dos titores co obxecto de deseñar accións para a mellora da convivencia do centro.
- Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá.
- Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade.
- Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreo, entradas e saídas...
- Desenvolvemento do programa de habilidades sociais.
- Formación do alumnado, familias e profesorado en materia de acoso escolar e ciberacoso.

5.2. Estratexias de prevención na aula

- Elaboración de normas de convivencia incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros e compañeiras, sensibilizando sobre o dano que produce o maltrato, rexeitando todos os tipos de violencia e establecendo propostas de recuperación en caso de incumprimento.
- Realizar actividades de titoría referidas a relacións no grupo, fomento da amizade, tarefas colaborativas, sensibilización fronte ó maltrato, análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos, etc.
- Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconecemento: valoración mutua e respecto; autocontrol, empatía e resistencia á frustración; habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións.
- Facilitar ó alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.

- Utilizar sesións de tutoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e absentismo.
- Seguimento do clima relacional da aula. Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos.
- Manter contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.

6. Ciberacoso

No artigo 28 da Lei 4/2011 propónse unha extensión da definición do acoso escolar, indicando que terán a mesma consideración as condutas de acoso realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Tamén no punto 2 do artigo 12 da citada lei recóllese que:

“Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e lles afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúen acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei e demais normativa que a desenvolva.”

Ademais, na mesma Lei 4/2011, no seu artigo 15, establécense entre as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

“A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.”

O ciberacoso ou cyberbullying é o uso das redes sociais, correo electrónico, blogues e outros ámbitos das TIC en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública.

Este ciberacoso presenta unhas características singulares: anonimato, inmediatez, efecto en cadea, alta dispoñibilidade e diversidade de canles e procedementos empregados.

Aínda que o ciberacoso pode parecer difuso, en tanto que se perpetra en moitas ocasións fóra do espazo físico do centro escolar, este, ao ter coñecemento da situación e sempre que estean implicados algúns dos seus alumnos ou alumnas, ten a obriga de actuar coa mesma consideración de acoso escolar, sempre que as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos teñan conexión coa vida escolar.

6.1. Criterios de identificación

- A situación perdura no tempo.
- Adoita existir contacto no mundo físico entre vítima e persoa ou persoas acosadora/s.
- Existe intención de causar dano.
- Realízase mediante o emprego de medios TIC.

6.2. Tipos de ciberacoso

- Frustramento: cando se envían mensaxes ou vídeos denigrantes sobre unha persoa, virus informáticos, mensaxes ameazantes...
- Exclusión: cando se usan contornos públicos para mandar comentarios despectivos ou rumores difamatorios coa fin de provocar unha resposta expansiva, cando se lle nega o acceso a foros ou plataformas sociais á vítima...
- Manipulación: cando se utiliza información para difundila de xeito inapropiado entre os membros das redes sociais, cando se accede coa clave doutra persoa e se realizan accións que poden prexudicala no seu nome...

6.3. Protocolo de actuación

Ante situacións de ciberacoso será de aplicación o establecido no protocolo de acoso escolar, coas seguintes particularidades:

- Conservar as probas do ciberacoso durante todo o tempo.
- Tratar de identificar as posibles persoas autoras do ciberacoso.

- Contactar coa compañía do medio empregado para cometer acoso para obter a información necesaria.
- Se é o caso, denunciar o acoso ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Discreción e confidencialidade.
- Ter en consideración para a valoración, as características e natureza das accións e dos dispositivos tecnolóxicos utilizados, natureza e difusión das accións, facilidade/dificultade para deter o ciberacoso, tempo de exposición da vítima ó ciberacoso, idade e características psicolóxicas e da persoa/s agresora/s e a repercusión e impacto na vítima.
- A información recollida deberá detallar, ademais: relación co ámbito escolar; natureza, intensidade, difusión e gravidade da situación coñecida; e efectos producidos.

6.4. Estratexias preventivas

Ante situacións de ciberacoso serán válidas moitas das estratexias establecidas no protocolo de acoso escolar desenvolvidas neste documento, aínda que se indican neste apartado algunhas máis específicas e particulares do ciberacoso.

Os profesionais do ensino deben estar atentos á maneira en como utilizan eles mesmos e como utiliza o alumnado os medios informáticos e ter claro como actuar en cada situación, como guiar o alumnado e como aconsellar as familias, de aí que se deban potenciar as boas prácticas nestes tres ámbitos de actuación:

Profesorado e centro

- Coñecer o funcionamento da web e das redes sociais, para dominar o medio e poder aconsellar o alumnado e as familias.
- Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos escolares
- Establecer normas de uso dos equipos na aula
- Empregar sistemas de control e filtrado
- Realizar un uso didáctico e controlado das redes en sentido positivo, como actividade, incluíndo as boas prácticas, a seguridade e a prevención como contidos.
- Detección de problemas: documentarse sobre a sintomatoloxía dos problemas e estar atento a calquera indicio de ciberacoso ou malas prácticas.

Alumnado

- aconsellar que controlen a súa identificación e a circulación dos seus datos persoais. En concreto, algunhas recomendacións habituais son:
 - Non crear contas en foros e redes sociais cos datos persoais, senón utilizando alias.
 - Comunicar a propia identidade de forma privada só a aqueles outros membros cos que hai confianza e interesa que nos identifiquen.
 - Non establecer citas ou outras actividades presenciais con persoas que non coñecesen antes persoalmente, isto é, fóra da rede.
 - Non comunicar o domicilio, datos de contacto, datos bancarios etc.; tampouco datos persoais de terceiras persoas.
 - Sondar periodicamente a rede mediante un buscador, para saber se os seus datos persoais ou imaxes figuran nalgunha web.
- *Consellos para non acosar*: aproveitar o papel dos docentes para conciencialos de que a web non é o lugar apropiado para resolver diferenzas con outras persoas, e que a emisión de mensaxes hostís remata sendo prexudicial para todos. Promover o respecto e a prudencia.
- *Consellos para non ser acosado*: ser prudente e respectuoso ao empregar a web para comunicarse cos demais. Moitas veces os conflitos comezan por malentendidos ou comentarios inoportunos. Non expoñerse excesivamente aos comentarios dos demais contando temas persoais. Pedir axuda inmediatamente a familiares e profesorado ante as primeiras evidencias de acoso.
- *Consellos para non tolerar o acoso*: mentalizarse de que o acoso é un problema de todos, e non admitir que outros teñan actitudes negativas ou exerzan presión sobre terceiras persoas. Mostrarse conciliador e denunciar sen demora calquera caso de acoso do que se teña coñecemento.

Familias

- Adecuar as medidas de seguridade e control á vulnerabilidade dos seus fillos e fillas
- Aceptar internet como un instrumento que pode resultar beneficioso se se utiliza ben.

- Tratar de acordar conxuntamente unha serie de condicións para o uso da web (horario, tipo de contidos), tanto mediante os ordenadores coma os móbiles ou tablets.
- Se fose posible, promover que o alumnado non manexe o ordenador pechado no seu cuarto, senón en presenza doutros familiares. Evitar forzalo a que nos permita ver a pantalla; é moito máis efectivo ter confianza para preguntarlle con quen se comunica e conte de forma natural que é o que fai na rede.
- Estar atentos a calquera síntoma de desacougo, cambios de humor repentinos etc., sobre todo se coinciden cos accesos á web.
- Sondar periodicamente a rede mediante un buscador para detectar imaxes, datos persoais ou comunicacións dos seus fillos ou das súas fillas.
- Resulta moi beneficioso manter un contacto profesorado-familia para comunicar calquera síntoma de acoso que se detecte no alumnado e tomar medidas canto antes.

7. Cláusula de confidencialidade e protección de datos

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece na súa disposición adicional vixésimo terceira que:

Os centros docentes poderán recoller os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa. Ditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos.

Os pais ou tutores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información á que fai referencia este artigo. A incorporación dun alumno a un centro docente suporá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, no seu caso, a cesión de datos procedentes do centro no que estivera escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. En todo caso, a información á que se refire este apartado será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes ao educativo sen consentimento expreso.

No tratamento dos datos do alumnado aplicaranse normas técnicas e organizativas que garantan a súa seguridade e confidencialidade. O profesorado e o resto do persoal que, no exercicio das súas funcións, acceda a datos persoais e familiares ou que afecten á honra e intimidade dos menores ou a súas familias quedará suxeito ao deber de sixilo.

A cesión dos datos, incluídos os de carácter reservado, necesarios para o sistema educativo, realizarase preferentemente por vía telemática e estará suxeita á lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal. No caso da cesión de datos entre Comunidades Autónomas ou entre estas e o Estado, as condicións mínimas serán acordadas polo Goberno coas Comunidades Autónomas, no seo da Conferencia Sectorial de Educación.

De acordo co establecido no artigo 53 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, no que respecta aos principios éticos, establécese que os funcionarios e funcionarias gardarán secreto das materias clasificadas ou outras cuxa difusión estea prohibida legalmente e manterán a debida discreción sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo, sen que poidan facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo de interese público.

O artigo 10 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, regula o deber de segredo, establecendo que os responsables do procesado e almacenamento de datos (incluídos aquí os que derivan do proceso de corrección), e quen interveña en calquera fase do tratamento de datos de carácter persoal, están obrigados ao segredo profesional respecto dos mesmos e ao deber de gardalos, obrigacións que subsistirán aínda despois de finalizar a súa relación co titular do ficheiro e, no seu caso, co responsable do mesmo.

Pola propia natureza do proceso, os datos de carácter persoal manexados serán estritamente confidenciais, estando obrigados todos os empregados públicos que interveñen no proceso ao deber de segredo e sixilo profesional. Así mesmo, as partes implicadas, entendendo aquí os menores e os seus representantes legais, así como calquera persoa que interveña no proceso a instancia de parte, deberá manter a debida confidencialidade sobre os datos persoais que poidan manexarse durante a tramitación, garantindo o dereito á intimidade e á honra de todos os intervenientes.

O artigo 13 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de

protección de datos de carácter persoal, ao respecto do tratamento de datos de menores de idade, establece que en ningún caso poderán recabarse do menor datos que permitan obter información sobre os demais membros do grupo familiar, ou sobre as características do mesmo, como os datos relativos á actividade profesional dos proxenitores, información económica, datos sociolóxicos ou calquera outros, sen o consentimento dos titulares de tales datos; o que deberá ser tido en conta nos procesos de averiguación.

Por todo isto é moi importante que os responsables da tramitación do proceso aporten a cada un dos intervenientes o menor número posible de datos persoais sobre o resto de implicados que garanta o efectivo exercicio dos dereitos que os asisten, actuando como salvagarda dos intereses de todas as partes.

8. ANEXOS:

- **Anexo 1: Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar.**
- **Anexo 2: Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á vítima.**
- **Anexo 3: Primeira comunicación á familia da presunta vítima.**
- **Anexo 4: Primeira comunicación á familia da persoa ou persoas presuntamente acosadora/s.**
- **Anexo 5: Nomeamento dunha persoa responsable das averiguacións previas e da tramitación.**
- **Anexo 6: Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos.**
- **Anexo 7: Recollida inicial de información.**
- **Anexo 8: Entrevista individual á presunta vítima.**
- **Anexo 9: Entrevista individual á/s persoa/s posible/s responsable/s do acoso.**
- **Anexo 10: Comunicación e cuestionario de entrevista individual ás persoas observadoras ou espectadoras.**
- **Anexo 11: Comunicación e cuestionario de entrevista á familia da vítima.**
- **Anexo 12: Comunicación e cuestionario de entrevista á familia ou familias da persoa ou persoas agresora/s.**

- **Anexo 13**: Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro.
- **Anexo 14**: Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico a outros organismos (especialmente en situacións de ciberacoso).
- **Anexo 15**: Rexistro da análise da información.
- **Anexo 16**: Proposta de medidas que se van adoptar.
- **Anexo 17**: Esquema de tramitación do expediente disciplinario (tramitación e prazos).
- **Anexo 18**: Modelos para o procedemento e proposta de resolución do expediente disciplinario (conciliado e común).
- **Anexo 19**: Comunicación á Inspección Educativa.
- **Anexo 20**: Rexistro do seguimento e avaliación das medidas adoptadas.
- **Anexo 21**: Denuncia a Servizos Sociais.
- **Anexo 22**: Denuncia á Fiscalía de Menores.